



Os ferreiros de Riotorto continúan unha longa tradición documentada, entre outros, polo ilustre etnógrafo Antón Fraguas:

O ferro era máis ou menos un misterio, así por exemplo pensábase que un anano vivía precisamente dentro da fornalla e de cando en vez saía e podía facer mal ou converterse nun ser protector. Xa no mundo da arte, desde o románico coñecemos obras dos ferreiros galegos, como certa reixa de Santa María de Melide. E logo non hai máis que reparar nos primorosos balcóns de tódalas épocas. Na aldea era imprescindible o ferreiro, porque facía as sachas, temperaba e apuntaba ferramentas de canteiro, afiaba as do carpinteiro, fabricaba rellas de arado...Viñan sendo os artistas máis requiridos en todo tempo e ata hoxe.



ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL DOS
FERREIROS DE RIORTORTO
www.ferreirosderiotorto.com

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

 xacobeo

ARTESANÍA DO FERRO RIORTORTO



ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL DOS
FERREIROS DE RIORTORTO
www.ferreirosderiotorto.com

O fouciño é o produto máis xenuíno, a estrela dos artistas do ferro de Riotorto. Cun concluído perfecto, de sempre estas ferramentas causan sensación no mercado. Dos obradoiros artesanais saen fouciños de diverso tipo, adaptados á comarca e ao terreo onde han de usarse: prados, xardíns, viñas ou monte.

Os máis deles véndense en Asturias, Castela ou Galiza, e tamén outros utensilios tales como fouces de diferentes tamaños, coitelos ou cravos ornamentais para portas e portalóns de madeira.

Podemos atopar hostaleiros cortando unha táboa de sabedeiro xamón cun coitelo feito en Riotorto ou un segador de malas herbas valéndose dun fouciño da mesma orixe entre as cepas dos máis destacados viñedos do país. Tanto se poden comprar nas feiras como en ferraxerías, tendas de menaxe, almacéns de apeiros agrícolas ou negocios de xardinería.

Sen a colaboración de Faustino e Agustín Iglesias, Pepe do Lourín, Cuqui e Angel Villada e Manolo de Viñavella, non sería posíbel realizar este despregábel.

Corrección de estilo dos textos: Bieito Iglesias.

Deseño e fotografía: Xan G. Muras.

PROGRAMA DA FEIRA

Apertura da feira ás 09:00 horas.

Inauguración ás 12:00 horas.

Inaugura o Excmo. Sr. Conselleiro de Innovación e Industria, D. Fernando Blanco Álvarez.

Pregoa o historiador Miguel Abraira, estudioso da artesanía tradicional do ferro na conca do Eo.

ESPAZO EXPOSITIVO

- Artesanía dos ferreiros de Riotorto
- Artesanía xeral da comarca
- Exposición do tecido socioeconómico do concello de Riotorto

ESPAZO DIDÁCTICO

- Demostracións ao vivo da artesanía do ferro de Riotorto
- Artesanía do ferro: novos camiños, outras experiencias
- Obradoiro infantil

SERVIZOS

- Servizo de hostalería:

Carpa - restaurante

- Actividades de promoción da hostalería local

ANIMACIÓN

- Pasarrúas de música tradicional
- Espectáculos teatrais de rúa
- Xogos populares

TRANSPORTE

Servizo de autobuses por todo o concello que facilite aos veciños de Riotorto a visita á feira

FESTIVAL

(20:30 a 00:30 horas)

Milladoiro

Susana Seivane